



RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A COMPRA DUN INMOBLE NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPRENDEMENTO, ACOMPAÑAMENTO E INNOVACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA SOLICITADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Por resolución do 11 de febreiro de 2022 acordouse aprobar o expediente para a adquisición dun inmovible no concello de Santiago de Compostela, para Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación da Comunidade Autónoma Galega, polo procedemento de concurso público.

Con data 16 de febreiro de 2022 anunciouse no DOG nº 32 e no diario La Voz de Galicia. Dentro do prazo outorgado presentouse unha proposta por parte de Rivadulla, S. L.

Na reunión da mesa de contratación do día 14 de marzo de 2022, comprobouse que o local proposto non cumpría co requisito de localización esixido no prego de condicións e a mesa acordou propoñer declarar deserto o concurso levantándose a oportuna acta.

Vista a devandita acta da mesa de contratación, e de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, polo que se aprobou o Regulamento para a execución da Lei, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

DISPOÑO:

Primeiro

Declarar deserto o concurso de compravenda dun inmovible no concello de Santiago de Compostela para Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación.

Segundo

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o Conselleiro de Facenda e Administración Pública nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

O secretario xeral técnico e do Patrimonio

(P.D. Orde do 15/12/2021, DOG do 24)

Jorge Atán Castro

